

STERCKX, C.: *Des dieux et des oiseaux: reflexions sur l'ornithomorphisme de quelques dieux celtes*, Memoires de la societe belge d'études celtiques, nº 12, Bruxelles, 2000, 128 páxs.

Por Laureano FERNÁNDEZ CARBALLO

Universidade de Santiago de Compostela

A recuperación (e posta en valor) da mitoloxía celta emprendida por F. Le Roux e Ch.-J. Guyonvarc'h, atopa no mestre de ensino en Linguas e Civilizacions Célticas do Institut de Hautes Études (Université Libre de Bruxelles, Bélxica), Claude Sterckx (presidente da S.B.E.C.), un valedor máis da investigación na vizosa e, en certos eidos, ainda virxe, bretemosa canteira celta. Dende os anos 70, o profesor Sterckx afonda nista canteira e profunda no difícil universo das fontes da súa relixión, isto é, na pescuda nos textos latinos e británicos (textos serodios galeses e irlandeses) do común mundo espiritual da civilización celta. Camiño seguido polo seu discípulo, celtólogo e celtófilo, Marcel Brasseur (ver Os Deuses Esquecidos, 1998 e Os Guerreiros Esquecidos, 2001, Toxosoutos, Noia-A Coruña). Camiño enleado, de certo, pola temática da monografía que nos ocupa, a saber, o estudo do ornitomorfismo dalgunhas divinidades celtas e polos límites da investigación, isto é, o ainda incompleto coñecemento filolóxico do celta antigo, a abondosa e espallada documentación a estudar e a natureza, as más das veces, endiañadamente críptica e ambigua da mesma. Contodo, Claude Sterckx enfróntase ó problema armado cunha organizada exposición interdisciplinaria, isto é, coa perspectiva das análises comparatistas das relixións indoeuropeas (ver Dumezil), da mitoloxía celta, escandinava, grega e romana e, moi importante, coa axuda, imprescindíbel, da arqueoloxía, mesmo da peninsular, feito a suliñar tendo en conta o típico esquecemento dos celtólogos europeos, esquecemento que, para o caso galaico é, certamente, singular... ¿qué engadiría á súa monografía o profesor Sterckx, de coñeceran a omnipresencia iconográfica dos ornitomorfos na ourivaría da cultura castrexa galaica?. E iste é só un exemplo entre moitos outros. Secadra compría procurar a resposta nas propias verbas do autor: «Ce n'est que par la confrontation sereine et sans passion que notre science peut espérer

progresser» (páx. 3). Pero, voltando ó contido da obra que nos ocupa, isto é, a procura do «*dieu aux oiseaux*» e a análise polo miudo e sen prexuizos do ornitomorfismo no mundo celta, compre sinalar a atinada estructuración do libro en 8 capítulos de seu, a saber: Le «*dieu aux oiseaux*», La comparaison scandinave, La famille du dieu, Corvidés, rapaces et autres, L'aigle prophète, L'aigle Merlin, Aodh Eangach e En guise de conclusion. E digo atinada polo brillante discurso narrativo empregado polo autor, discurso que, como adoita ocorrer nas obras de Sterckx (véxase á súa anterior monografía: *Sangliers père & fils: rites, mythes et dieux celtes du porc et du sanglier, Memoires de la societe belge d'études celtiques*, nº 8, Bruxelles, 1998) vese complementado pola inclusión dunhas taboas (18, niste caso en particular) que escolman e resumen o máis importante do antedito discurso e das fontes empregadas en cada capítulo, permitindo ó lector seguir comodamente e con seguridade o fio da narración polo labirinto, sempre revirado, da mitoloxía celta. O profesor Sterckx non procura a reconstrucción (sempr imposíbel) dunha perdida mitoloxía. Pescuda a ordenación lóxica (sempr arbitraria) dunhas fontes, contodo, sólidas, coherentes e significativas ó longo das áreas celtas de Europa: «Il en ressort selon nous de nouvelles preuves de l'unité culturelle du monde celte et d'un héritage conceptuel commun reçu de traditions préchrétiennes sans doute différentes d'une province à l'autre mais néanmoins largement analogues dans le fond et la forme» (páx. 3). É así como o autor parte na procura sistemática de elementos e argumentos que permitan interpretar satisfactoriamente a iconografía do «*dieu aux oiseaux*», iconografía plasmada nunha grande cantidade de exemplos (ver páxs. 9, 12, 13, 22, 26, 27, 28, 38, 41, 42, 43, 78, 87, 90 e 91). A absoluta sobriedade gráfica do libro («minimalismo» habitual nas publicacións da S.B.E.C.) atópase contrarrestada pola abondosísima documentación achegada e analisada comparativamente. É así coma Claude Sterckx acada a visión de conxunto procurada. Unha visión, evidentemente, sempre limitada: «Il faut rappeler la difficulté de faire la distinction entre corvidés, rapaces et autres dans l'iconographie celto-romaine» (páx. 43). Contodo, na mesma páxina: «Ces exemples, qu'il serait aisément d'étoffer de cent autres, sont évidemment souvent dus à la maladresse des artistes ou des artisans. Mais cette maladresse importait-elle vraiment?». Efectivamente. O autor é consciente das limitacións que presenta a iconografía celta, pero, lonxe de se achantar, expón: «Une étude exemplaire de Maria Tymoczko a démontré que les irlandais anciens regroupaient indistinctement rapaces et corvidés en une seule espèce générique. Et tout laisse croire que cette indistinction a été un phénomène pancelte: les mêmes relevés sur le matériel gallois, breton ou cornique donneraient certainement le même résultat» (páx. 43), e: «Les anciens Celtes ont réuni, assez logiquement, rapaces et corvidés en fonction de leur couleur, de leur allure générale, de leurs moeurs charognardes» (páx. 44). O profesor Sterckx chama a atención cara a íntima complicidáde (e complexidade) simbólica cristalizada na multiplicidade de divinidades zoomorfas (ornitomorfas, nista monografía en concreto) presentes na mitoloxía celta, isto é: «Aigles, corvidés sont, comme figures mythologiques, des

oiseaux prophétiques, omniscients car identifiés à un personnage primordial, aussi vieux que le monde et destiné à y apparaître et à y disparaître, éventuellement en réincarnations successives, jusqu'au terme de son existence même» (páx. 81). Velahí o cerne da cuestión, a saber, o vencello relixioso que manifestan e representan istas divinidades ornitomorfas. A obra remata cunha completísima bibliografía e un (sempre útil) índice de personaxes, imprescindíbel para non se extraviar nainxente cantidade de referencias xenealóxicas presentes no libro e omnipresentes, por outra banda, na mitoloxía celta. Estamos perante unha obra modélica, unha achega coherente e vizosa, ateigada de respuestas verosímiles e propostas suxerentes que incitan ós especialistas peninsulares a análogas análises futuras. Non é pouco mérito.